

A causa, sen dúbida, da brutalidade das guerras europeas do século XX, a de Crimea –de cuxo comezo cúmprense no outubro vindeiro cento cincuenta anos– é con certeza a menos coñecida, quizais porque fisicamente tivo lugar lonxe, naquela península do Mar Negro e que, desde a súa conquista en 1783, constituíu a principal saída marítima ao sur para o imperio ruso.

A razón aducida para iniciar a guerra entre o imperio ruso e unha alianza formada por Gran Bretaña, Francia, Piamonte–Cerdeña e o imperio turco foi a disconformidade do primeiro cando o sultán turco ficou nunha diatriba diplomática e decidiu a favor de Francia na protección en Xerusalén dos santos lugares e dos ortodoxos, que os zares se arrogaban por diversos tratados do século XVIII. O detonante do conflito foi a ocupación rusa de Valaquia e Moldavia na procura dunha saída ao mar Mediterráneo sen depender do permiso da Sublime Porta.

O conflito afectou as principais potencias europeas do momento

Todo iso e moito máis vén en *Crimea*, o modélico estudo de Orlando Figes (que deixa en feliz evidencia a escola historiográfica británica) con pescudas en diversas fontes e que apareceu en castelán hai uns meses editado por Edhasa.

Alí están o bombardeo de Odesa, o asedio de Sebastopol durante once meses ou a batalla de Balaklava, mítica polo inútil sacrificio da Brigada de Cabalaría Lixeira que comandaba lord Cardigan e que a prensa gabou, Tennyson cantou e Hollywood deixou nas nosas

retinas en 1936 con dirección de Michael Curtiz, música de Max Steiner e Errol Flynn e Olivia de Havilland como protagonistas. A guerra rematou coa rendición rusa e, como consecuencias xeopolíticas, a vindicación de Francia e a consolidación da hexemonía británica, co cal desaparecía o espírito do Congreso de Viena de


A primeira guerra total

150º aniversario de Crimea

JOAQUIM VENTURA



Estampa das tropas rusas no sitio de Sebastopol.



Sobrevivintes da Brigada de Cabalaría Lixeira.

estiveron todos os avances sociais e económicos coñecidos. Así, por primeira vez empregouse o ferrocarril para mover tropas e armamento e houbo presenza de correspondentes de prensa na fronte bélica, que transmitían as súas crónicas por telégrafo.

Daquela comezou o fotoxornalismo, con Roger Fenton, quen foi enviado polo goberno británico coa condición de non facer instantáneas das vítimas (para non desmoralizar ás familias). É o que se coñeceu como a “guerra falsa”. Paradoxalmente, o realismo da fotografía evitaba o fragor e mais o horror das batallas, en contra do que sucedía na pintura (comparémolo, por exemplo, con *La batalla de Tetuán* de Fortuny, dos mesmos anos que a guerra de Crimea). Xa de regreso, si que houbo espazo para os feridos: velaí as fotos de Cundall e Howlett, comisionados pola raíña Vitoria (quen visitou a feridos e mutilados no hospital de Chatham) para que fixesen unha galería de heroes.



Napoleón III.

Pero esta guerra aportou máis novidades. O asedio a Sebastopol, amais de propiciar un “turismo de guerra” británico, desenrolou o emprego de trincheiras (que, pensadas de maneira industrial, dominaron a Gran Guerra de 1914–1918). Como as guerras, lamentablemente, dan pulo a novas técnicas, no campo da medicina comezou a empregarse o éter como analxésico e anestésico nas intervencións cirúrxicas. Doutra banda, e en consonancia coa evolución social, o recrutamento dos soldados británicos supuxo modificar o sentimento de defensa patriótica: a honra nacional xa non estivo máis nas mans dos aristócratas senón que pasou a ser patrimonio dos soldados.

A guerra de Crimea, concentrada naquela península, foi unha guerra feita sen límites: 120 quilómetros de trincheiras, 150 millóns de disparos, 5 millóns de bombas e obuses. Tamén foi introducida a análise de custos e os causados pola corrupción (nas tropas rusas) e o desorde (nas británicas), sen esquecer a primeira participación feminina nunha guerra, como persoal de enfermería.

Pero aqueles feitos terribles tiveron unha testemuña excepcional: Lev Tolstoi. Animado en 1851 polo seu irmán Nikolai para que

o acompañase na guerra do Cáucaso, cando comezou a guerra de Crimea entrou no exército co grado de comandante e pediu

Testemuña de excepción

ser destinado a Sebastopol e así puido coñecer os horrores da guerra. Antes que rematase o conflito, abandonou a milicia e optou

definitivamente pola carreira das letras.

A súa experiencia castrense –amais de facer del un pacifista convencido– permitiulle escribir, entre 1865 e 1869, *A guerra e a paz*, que ambientou na guerra contra a invasión de Rusia por Napoleón en 1812. Para iso aproveitou a convalecencia dun accidente de caza. Máis alá da invención do argumento, só alguén que tivese participado nunha guerra sería capaz de describir o seu horror como fixo Tolstoi, sostivo con razón Eduardo Mendoza hai uns anos (CCCB, Kosmopolis, 2004).